



O día 16 haberá unha ofrenda floral ante o monumento a Domingo A. de Andrade. Foto: C.C.

## Cee recordará a Domingo de Andrade con exposicións e conferencias

JOSÉ M. RAMOS  
Cee

A Real Academia Galega de Belas Artes adicoulle o pasado 1 de abril o Día das Artes Galegas 2020 a Domingo Antonio de Andrade, un ceense que está recoñecido como unha das figuras máis importantes do barroco en Galicia. Na súa terra natal tamén queren rememorar a súa figura e obra e farano do 16 ao 21 de xuño cun amplo abano de actividades.

O Concello de Cee retomará os actos que xa estaban

programados para marzo pero que, por mor da crise sanitaria, tiveron que aplazarse. O primeiro será unha ofrenda floral ante o monumento adicado a Domingo Antonio de Andrade, ubicado preto do concello, a partir das 19.00 horas do martes, día 16 de xuño.

De seguido, a compañía Rilo&Penadique presentará o espectáculo *Barrococó*, que achegará aos asistentes á figura do arquitecto homenaxeado cunha proposta musical e narrativa pensada para sensibilizar ao público infantil e ás familias sobre a arquitectura barroca a través da experiencia sensorial da narración, a música e a vivencia da propia arquitectura.

A xornada pecharase, ás 20.00 horas, coa inauguración das exposicións *Domingo de Andrade, un arquitecto universal*, realizada en colaboración co Museo do Pobo Galego, e *Domingo Antonio de Andrade (1639-1712), de Cee a Compostela, vida e obra dun xenio*. Poderán visitarse na sala de exposicións da Casa da Cultura, e o acto inaugural estará presidido pola alcaldesa, Margarita Lameira; o presidente da Real Academia Galega de Belas Artes, Manuel Quintana Martelo, e o director do Museo do Pobo Galego, Manuel Vilar.

Os días 19, 20 e 21 de xuño terá lugar no Auditorio Baldomero Cores un ciclo de conferencias, a partir das 21.00 horas. A primeira correrá a cargo de Juan Creus Andrade, arquitecto e profesor na Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camións, Canais e Portos da Universidade da Coruña, e terá como título *Intensa destreza. Algunhas notas sobre a obra de Domingo Antonio de Andrade*.

O sábado, día 20, Antonio Leis Castro, profesor de Xeografía e Historia no IES de Sanxenxo afondará na figura de Domingo de Andrade como mestre do barroco galego, e pechará o ciclo o domingo, día 21, Víctor Castiñeira, técnico de Xestión Cultural do Concello de Cee cuns *Apuntes históricos sobre Andrade e a vila de Cee*.

Este ilustre ceense ten entre as súas obras máis destacadas a Torre do Reloxo da catedral de Santiago de Compostela e tamén as escaleiras de caracol de Santo Domingo de Bonaval. O técnico cultural ceense, Víctor Castiñeira, asegura que tanto na arte do retablo como na arquitectura, "a figura de Domingo de Antonio de Andrade é a dun innovador, que renovou as formas decorativas e da construción en Galicia".

## Investigan a un coruñés por pintadas en A Laracha

A Laracha. La Guardia Civil del Puesto de A Laracha procedió a la investigación de un vecino de A Coruña por un delito continuado de daños, tras realizar veinte pintadas de la localidad larachesa, que contenían palabras insultantes.

Los hechos tuvieron lugar entre el 27 de febrero y el 7 de marzo y, fruto de una intensa investigación, la Guardia Civil pudo identificar al presunto autor de los hechos mediante un vídeo que pudo tomar un particular.

Las pintadas aparecieron en once zonas de tránsito del casco urbano larachés, tanto en espacios de titularidad pública como privada muy frecuentados por el vecindario y, según informa la Benemérita, "generaron gran malestar entre los ciudadanos y la Corporación municipal por el afeamiento de las áreas afectadas" por este acto de vandalismo.

Por el momento, no han sido cuantificados los daños, y las pintadas ya han sido eliminadas. M. LAVANDERA



Ciclistas e peóns facendo uso da senda que comunica a capital municipal con Bértoa. Foto: Concello de Carballo

## Carballo impulsará a mobilidade a pé e en bicicleta creando 18 quilómetros de sendas

Carballo. Din que as crises son tamén un momento de novas oportunidades e, por iso, o Concello de Carballo quere aproveitar o feito de que durante o estado de alarma se multiplicasen os desprazamentos a pé e en bicicleta para dar un novo impulso á mobilidade sostible.

Iniciativas como o Metrominuto, a instalación de aparcabís ou a limitación da velocidade a 30 Km/ho-

ra na zona urbana son xa unha realidade, que agora se verán potenciadas co proxecto Cicl-Ando Carballo, que inclúe o acondicionamento de 18 quilómetros de sendas peonís e ciclistas. O concelleiro de Mobilidade, Juan Seoane, asegura que "vai marcar un antes e un despois na nosa maneira de movernos, sen esquecer que a súa posta en marcha suporá unha redución do consumo

enerxético de máis dun quince por cento".

As novas sendas permitirán moverse a pé e en bicicleta entre a zona urbana, o polígono de Bértoa e Razo sen necesidade de pisar o asfalto. O proxecto prevé tamén a creación dunha rede de aparcamentos seguros para bicicletas e unha campaña de sensibilización en mobilidade sostible. M. RAMOS



Porto do Son

### EDICTO

O Concello de Porto do Son anuncia a convocatoria para a creación da seguinte bolsa de emprego:

- Brigada prevención e extinción de incendios forestais: 1 capataz, 1 peón condutor e 3 peóns, (Convenio prevención e defensa contra os incendios forestais – Xunta de Galicia).

As bases do proceso selectivo están publicadas no taboleiro de edictos do concello, na páxina web do concello: [www.portodoson.gal](http://www.portodoson.gal), no apartado de emprego e na sede electrónica municipal: <https://portodoson.sedelectronica.gal/info.0>

Porto do Son, 5 de xuño de 2020.

O Alcalde,

Asd. José Luis Oujo Pouso.



CONCELLO DE  
TORDOIA

XUNTA DE GALICIA  
TORDOIA: 50000 POPULACION

O Concello de Tordoia anuncia que está aberto o prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso de selección de persoal para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais. As bases do proceso poden ser consultadas no taboleiro de anuncios municipal. A data límite de presentación de solicitudes será de 5 días naturais a contar a partir do día da publicación de este anuncio.

O Alcalde: Eduardo Antonio Pereiro Liñares



CONCELLO DE  
TORDOIA

O Concello de Tordoia anuncia que está aberto o prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso de selección de persoal para o servizo de atención domiciliaria (SAF). As bases do proceso poden ser consultadas no taboleiro de anuncios municipal. A data límite de presentación de solicitudes será de 10 días naturais a contar a partir do día da publicación de este anuncio.

O Alcalde: Eduardo Antonio Pereiro Liñares